

ASISTENTES:

Cándido Pérez Betanzos	da CIG
Luis Pérez Gómez	da CIG
Carlos Mollinedo Lois	da CIG
MºJosé Montero Vilariño	da CIG
Luis José Olivares Requejo	de CCOO
Mercedes Alonso Alonso	de CCOO
Francisco Javier Fernández Martínez	de CCOO
Cesáreo García Camiña	da UGT
Manuel Velasco Graña	Delegado Sindical de CCOO

Escusan á sua asistencia:

Ramón Barreiro García da CIG

Reunidos nos locais sindicais do Campus de Vigo ás 10 horas da mañá, procedése a estudar os temas expostos na orde do día.

1. Lectura e Aprobación da Acta anterior:

Léese e apróbase por unanimidade a acta do 30 de Xuño do 99.

2. Informe do Presidente:

- Morte dun compañeiro, administrativo con destino en Empresariais.
- Foron cubertas dúas prazas de Aux. Téc. Instalacións Deportivas.
- Fíxose o concurso de traslado das prazas de Conserxe. Das 5 prazas, 3 foron cubertas por promoción interna e 2 quedan para a quenda de acceso libre.
- Dictouse unha resolución xudicial favorable a Cándido Pérez Betanzos, na que se recoñece o seu dereito a recibir prendas de conductor áinda estando liberado sindicalmente.
- Novas peticións de contratos temporais.

3. Procesos Selectivos en curso e pendentes:

En Curso:

- ATB¹: Remata da fase de promoción interna quedando unha vacante para o acceso libre.
- Conserxes².
- Informática: Próximos exames de acceso libre de 3 prazas de TEI³ Redes e Sistemas e 2 prazas de TEI Operador.

Pendentes:

- Analista Informático: 1 praza.
- TEI Programador: 6 prazas.
- T.E. Laboratorio de Química: 2 prazas.
- T.E. Análise Instrumental: 1 praza.
- Telefonista: 1 praza.
- Mozo de Animalario: 1 praza.

4. Convocatoria oposiciones de Auxiliares de Servicio:

Feita proposta de convocatoria para Auxiliares de Servicio. Propónese facer dúas modificacións que son aceptadas polos presentes.

5. Proceso de Negociación Colectiva:

- Comunicouse á Xerencia a intención de iniciar as conversacións de negociación do Convenio Colectivo. Queda pendente de fixar data para a primeira xuntanza.
- A comisión negociadora terá 7 membros do Comité Intercentros.
- Queda pendente rematar o anteproyecto de Convenio Colectivo, pola comisión correspondente, e presentalo para a súa difusión e debate.

¹ ATB = Auxiliares Técnicos de Biblioteca.

² Ver punto dous da orde do día.

³ TEI = Técnico Especialista en Informática.

6. Asuntos de Trámite:

- Xa foi mandada a Solicitud de iniciar negociacións do Convenio á Empresa.
- IRPF: Ten constancia este comité das irregularidades producidas na retención das nóminas, case todas a traballadores non fixos, Para coñecer o alcance e medidas que pensa tomar a empresa decídese que Presidente e Secretario concerten una entrevista co Xefe do Servicio de Persoal.
- Auxiliares de Servicio en A Coruña: A convocatoria feita por esta universidade non ten en conta ós traballadores das demais Universidade Públicas de Galicia.

7. Outros asuntos a proposta dos membros do Comité:

Cándido Pérez propón formular a seguinte pregunta á Empresa:
¿Pode unha persoa en excedencia voluntaria participar nos procesos selectivos na quenda de promoción interna?. O comité fará chegar a pregunta por escrito a Empresa.

8. Rogos e preguntas:

Propoñerlle á empresa que se prorroguen os contratos dos auxiliares de servicios que ocupan categoría superior mais alá do ano e medio permitido.

ACORDOS:

- Modificar a proposta de Convocatoria para as probas de Auxiliares de Servicio:
 - a) 1 proba con 3 exercicios tipo test cunha valoración de 65%, 7'5% e 7'5%. Fase de Concurso 20%
 - b) Valorar a experiencia na mesma categoría nas Universidades de Santiago e Vigo.
- Que Presidente e Secretario concerten una entrevista co Xefe do Servicio de Persoal, para obter aclaracións no tema do IRPF.

- Facerlle á Empresa por escrito a seguinte pregunta: ¿Pode unha persoa en excedencia voluntaria participar nos procesos selectivos na quenda de promoción interna?.

- Propoñerlle á Universidade que emita resolución para prorrogarlle ós auxiliares de servicio, que ocupan postos de categoría superior, o seu contrato mais alá do ano e medio permitido.

Fdo: Luis José Olivares Requejo
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)